

## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

### GUÍA DE MANTEMENTO E COIDAD DO PORTÁTIL

#### **NORMATIVA DE USO**

1. Antes de coller o portátil dos carriños establecidos para gardalos os alumnos deixarán as súas **mesas libres** para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.

*O profesor entrega por orden alfabético os portátiles a cada alumno o ben o profesor designa a dous alumnos responsables para ir levando os portátiles a cada alumno.*

2. Sempre se collerá ó portátil **con dúas mans**, de xeito que ó levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.

3. Cada ordenador portátil ten **unha etiqueta co número que lle corresponde a cada alumno** e sempre se collerá o portátil que se corresponda co seu número para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.

4. O alumno non **acenderá o portátil** ata recibir a **orde expresa do profesor**, unha vez rematada a exposición do traballo que van a realizar.

5. Non se **colocarán obxectos de ningunha clase sobre** o portátil nin cando esté aberta nin cando esté pechada a tapa.

6. Cando **o profesor** teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación **baixaranse as tapas dos portátiles** sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.

8. Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos da súa conta, velando polo seu orde e a súa conservación.

10. Cando o alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aforrar batería.

12. Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento no escritorio, dos cartafoles e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.

14. Os alumnos devolverán o portátil ó lugar que lle correspondente no carriño, asegurándose de que queda conectado ó cargador. Irán por orde evitando aglomeracións..

15. O equipo é **propiedade do centro**, polo que queda prohibida a instalación de calquera programa, aplicación ou ferramenta.

**16. O feito de non aceptar estas normas ou de non as respetar trae consigo a restricción ou perda dos privilexios de acceso ó mesmo.**

## **1.- ASIGNACIÓN DE PORTÁTILES E COIDADOS BÁSICOS**

Cada alumno do centro recibirá ao incorporarse a 5º E.Primaria un portátil do que será responsable mentres estea matriculado no mesmo con independencia do momento no que fai a matrícula e ata que remate a súa permanencia no centro.

Os equipos permanecerán sempre no centro e na aula.

### **1.1.-Coidados básicos do portátil.**

a) Cando se estea a traballar co equipo, deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.

b) Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil.

c) Non se pode coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse collendoo pola base.

d) Evitar a exposición do portátil ó sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.

- e) Está prohibido sacar o equipo do Centro.
- f) O portátil terá que estar no carriño de transporte cando non se estea a utilizar e procurando que estea a cargar a batería.

## **DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS**

O usuario/a que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e estará suxeito/a ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no Regulamento de Réxime Interno ou nos procedementos legais oportunos.

**O PORTÁTIL É UN INSTRUMENTO DE TRABALLO ESCOLAR Ó QUE SE TEN ACCESO POLO FEITO DE PARTICIPAR NO PROXECTO ABALAR. O ALUMNADO E OS SEUS PAIS OU TITORES LEGAIS ADMITEN DENDE UN PRINCIPIO AS NORMAS ESTABLECIDAS PARA O SEU USO E, QUE O INCLUMPRIMENTO DAS MESMAS, PODE SER OBXECTO DALGÚN TIPO DE SANCIÓN.**

**AS SANCIÓNS QUE SE PODERÁN CONTEMPLAR, EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE DO INCLUMPRIMENTO SON:**

- A RETIRADA DE PRIVILEXIOS DE UTILIZACIÓN DO PORTÁTIL.**
- A RETIRADA DO PORTÁTIL POR UN TEMPO DETERMINADO.**
- INTERRUMPIR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNO NO PROXECTO.**
- CALQUERA OUTRA APROBADA POLO CONSELLO ESCOLAR E QUE SE INCLUA NO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO CENTRO.**